



RESOLUCIÓN DA SELECCIÓN DE PROXECTOS DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAIS XACOBEO 2021

Modalidade: Dinamización da lingua galega, do patrimonio cultural e de proxectos editoriais, literarios e expositivos

I ANTECEDENTES

1 Mediante a Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo, aprobáronse as bases para presentar creacións culturais, bens ou servizos de consideración análoga, coa finalidade de configurar un fondo de contidos creativos de interese cultural e artístico, lingüístico e turístico denominado Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 (Fondo X21).

2 O anuncio da convocatoria e as bases publicáronse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística o 23 de maio de 2020 para que as persoas destinatarias presentasen as súas iniciativas que, segundo a base 9 da indicada convocatoria, son as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e que non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, que teñan domicilio fiscal na Comunidade Autónoma galega e que acrediten que as actividades profesionais das persoas físicas ou o obxecto social das persoas xurídicas inclúen a xestión cultural e/ou artística, en concreto:

- a) Empresas culturais e/ou artísticas
- b) Cooperativas culturais e/ou artísticas
- c) Entidades ou institucións privadas de carácter cultural e sen ánimo de lucro que contén con persoal empregado nas súas estruturas organizativas
- d) Profesionais do sector cultural e artístico galego

II CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1 A base 12 da convocatoria prevé que a selección de proxectos será realizada por unha comisión técnica de análise integrada por tres persoas expertas designadas





pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo para cada modalidade das previstas nestas bases.

2 O día 27 de maio de 2020, mediante un acordo do secretario xeral de Política Lingüística, nomeáronse as persoas técnicas que integran as tres comisións técnicas das tres modalidades do Fondo Xacobeo 2021. Na primeira das tres modalidades inclúiranse os proxectos musicais, audiovisuais e de artes escénicas. Na segunda terán cabida os proxectos para dinamizar a lingua galega, o patrimonio cultural e os proxectos editoriais, literarios e expositivos. A última das modalidades está dirixida ao ámbito xacobeo, turístico, xeográfico, paisaxístico, gastronómico e de usos e costumes sociais.

A convocatoria prevé que os proxectos seleccionados se publicarán periodicamente para cada modalidade mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na web www.lingua.gal. Nela indícarase, por orde de prelación, a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado. Tamén se publicarán os proxectos non seleccionados e, de ser o caso, os motivos de desistencia ou rexeitamento.

A publicación dos proxectos seleccionados non xerará dereitos económicos en favor das persoas interesadas ata que se formalice a adxudicación administrativa e, de ser o caso, o contrato correspondente, de acordo coa normativa contractual que resulte de aplicación.

En virtude do exposto, e de acordo co informe de valoración de cada proxecto e o protocolo de actuación do 1 de xuño de 2020 da comisión técnica de análise dos proxectos para obxectivar os criterios de selección,

RESOLVO:

1 Seleccionar os proxectos da modalidade de Dinamización da lingua galega, do patrimonio cultural e de proxectos editoriais, literarios e expositivos que a continuación se indican e, así mesmo, iniciar os trámites para a súa contratación:





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
FUNDACIÓN DARDO INSTITUTO DO DESEÑO E DAS ARTES CONTEMPORÁNEAS	Publicación de <i>A muller na historia do deseño</i> , percorrido histórico internacional co obxecto de abri-lle as portas ao deseño galego (150 exemplares, publicación dixital e 12 pílulas)	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	10.000,00
INVERSIONES CARCOR SL	Publicación de 200 exemplares de <i>Torres, pazos e casas fidalgas do Concello da Estrada</i> , unha obra que recolle a xenealoxía e a heráldica e nobiliaria das casas fidalgas da Estrada.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.434,56
MARÍA TERESA RODRÍGUEZ CASTIÑEIRAS	9 visitas guiadas e teatralizadas á Casa-Museo de Rosalía de Castro, protagonizadas por Tero Rodríguez e Lucho Penabade, da compañía Os Quinquilláns, que representan a escritora e a Modesto Brocos, o pintor que a retratou en vida. Un percorrido pola casa da Matanza de Padrón, un espazo histórico óptimo para a promoción do patrimonio lingüístico, literario, arquitectónico e paisaxístico.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
GRÁFICAS GARABAL SL	Mapa das Mariñas de Domingo Fontán. 1.000 exemplares da reprodución do plano de Domingo Fontán, que inclúe as tres rías: da Coruña, de Betanzos e de Ferrol.	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
JUAN MANUEL GONZÁLEZ ROMERO	Publicación de 320 exemplares de <i>Re-encontros musicais</i> , un libro histórico e de homenaxe á Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela. Nel recóllense as biografías das persoas xubiladas que formaron parte do elenco de músicos desta banda desde 1928 ata 2019 e as súas fotografías en cor.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
DIANA FAJARDO RAMA	Actividades de exposición fotográfica e 2 talleres de fotografía de luz negra para nenas, nenos e persoas adultas, coa temática “Non queremos ser valentes, queremos ser libres”.	PRESENCIAL / MATERIAL	3.999,99
VÍTOR MANUEL SIERRA NIEVES	Romasanta: Proxecto de publicación de 250 exemplares dun libro que recollerá a investigación de Ivort Macsaw (investigador da Lycan Foundation) sobre Romasanta.	PRESENCIAL / MATERIAL	3.976,50
ARTBYS GESTIÓN SL	24 caricaturas de Ricardo Carballo Calero, orixinais do debuxante Siro, realizadas en papel Din A3 de alta calidade de 260 gramos. A serie reflicte a figura do homenaxeado desde a mocidade ata os últimos anos da súa vida.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
RAÚL ÁLVAREZ FERNÁNDEZ	“Placas de bronce para actos de recuperación da lingua galega”: Realización e colocación de 3 placas de bronce para a conmemoración de fitos históricos referentes ao uso da lingua galega en distintos ámbitos da sociedade.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
MANUEL NÚÑEZ ESPIÑO	Edición de 320 unidades do libro gañador do V Concurso Balbino de Relatos.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
MIGALLAS TEATRO SL	Elaboración de 10 documentos audiovisuais de 2 minutos de duración sobre ditos infantís galegos da tradición oral. Popular.	DIXITAL	9.999,44





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
MANUEL MARTÍNEZ ÁLVAREZ	Subministración de 150 exemplares do libro <i>Ferrovías</i> de John Berger e 150 exemplares de <i>Nenas medrando</i> , de Silvia García.	PRESENCIAL / MATERIAL	3.900,00
FUNDACIÓN LAXEIRO	Publicación de 500 exemplares dun libro de autorretratos de Laxeiro, con 20 ilustracións e tres textos, de C. López Bernárdez, I. Pérez Jofre e J. Pérez Buján, que abordan o tema da importancia do autorretrato na obra do pintor, en galego e con tradución ao castelán e ao inglés, coa finalidade de divulgar a súa obra fóra das nosas fronteiras.	PRESENCIAL / MATERIAL	5.027,00
FUNDACIÓN AMIGOS DE LA BARRERA	<i>Facéndonos no Camiño</i> : Publicación de 1.000 exemplares dun caderno de bitácora, en clave de <i>coaching</i> persoal, que servirá para acompañar nas súas reflexións vitais as persoas que fagan o Camiño de Santiago.	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
DIOCESE DE OURENSE	<i>Os sínodos da Igrexa en Ourense</i> : publicación de 1.000 exemplares dun libro sobre os sínodos desde a época sueva ata o momento presente.	PRESENCIAL / MATERIAL	10.000,00
GRÁFICAS JUVIA SLU	Edición e impresión de 2.000 libros sobre as tradicións das Festas do Monte Tegra que se realizan desde hai máis de 100 anos.	PRESENCIAL / MATERIAL	9.922,00
RONSEL DE IDEAS SL	"25 Pontes": proxecto de 25 audiovisuais e 25 pezas dixitais para achegarlle á sociedade o patrimonio inmaterial galego-portugués co gallo do 25 aniversario da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas!, cuxo labor será o fío condutor.	DIXITAL	9.620,00
ALBERTO TORRES ESPÍÑO	Mestura, gravación, edición e musicalización do poema "Negra Sombra", de Rosalía de Castro, un proxecto co que Igloo pretende trasladar a unha nova dimensión, co seu toque persoal, este himno da cultura popular galega.	DIXITAL	3.956,70
PABLO LÓPEZ CAMPOS	Reportaxe audiovisual <i>A memoria viva do Centro Galego da Habana: a sede da colectividade galega e os seus fondos actuais</i> , en 3 capítulos.	DIXITAL	3.993,00
ROXELIO XABIER GARCÍA ROMERO	"Mellora a túa lingua": 5 vídeos e 5 módulos para a creación dun blog institucional co obxectivo de fornecer a poboación en xeral e o sector educativo en particular de ferramentas básicas para poder desenvolver a vida en galego.	DIXITAL	3.999,60
XUNTA VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA GUARDA	Impresión de 5.000 folletos e revitalización do monte de Santa Tegra coa sinalización en galego das rutas turísticas, os sendeiros e atallos, con sinais de madeira ou pedra.	PRESENCIAL / MATERIAL	9.994,60
EDITORIAL BULULÚ SL	"Galicia fantástica e misteriosa": Libros (2.000 exemplares), xogos (500 unidades), material dixital de apoio e actividades de aprendizaxe lúdica en 8 colexios. Proxecto para pór en valor a cultura galega (lendas, tradicións, personaxes míticos e históricos e patrimonio), aproveitando o nexo do Camiño de Santiago.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	10.000,00





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
TRIQUETA VERDE SLU	3 obras de literatura infantil de creadores galegos, editadas en 2020, en papel (725 exemplares) e en soporte dixital (epub e audioconto): <i>Un fermoso ovo branco</i> , de Paula Carballeira, <i>Roger e o misterio das manchas</i> , <i>Roger e o misterio do papagaio</i> , de J. Carlos Román e David Lorenzo.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	9.965,12
FOTOGRAFÍA Y TIENDAS BERNABÉ SL	Proxecto audiovisual Fundación Paco Lareo: audiovisual e ciclo de actividades para a promoción e difusión da cultura rural do interior de Galicia.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	10.000,00
DATALIB SL	Cesión dos materiais videográficos da I Feira Virtual do Libro de Galicia – FLIV 20. 27 audiovisuais que inclúen mesas redondas, conferencias, presentacións literarias etc., que abranguen todas as temáticas e xéneros literarios: poesía, narrativa, teatro, ensaio, literatura infantil e xuvenil, banda deseñada, tradución etc.	DIXITAL	9.997,73
ALICIA BAÑA CASTRO	Edición e entrega de 100 exemplares de <i>Brétema</i> e cesión da versión dixital en pdf do libro, un álbum escrito e ilustrado por Alicia Baña Castro que realiza unha inmersión na psique dunha persoa que sofre de demencia.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	3.747,80
MIGUEL LÓPEZ SEOANE	<i>Casa Aldaolado</i> : gravación dun disco dixital e recolla dunha mostra de cancións acompañadas de poemas que as artistas Lucía Aldao e María Lado levan compostas nos últimos dez anos.	DIXITAL	3.993,00
CONSORCIO EDITORIAL GALEGO SA	Adquisición de 10 títulos (504 exemplares) de libros confinados na distribuidora e con presentacións canceladas polo estado de alarma.	PRESENCIAL / MATERIAL	9.998,84
BAÍA EDICIÓNS A CORUÑA SL	Adquisición de 880 exemplares de 5 títulos, 2 con códigos QR con vídeos, co obxecto de liberar do confinamento os libros e dotar de medios para que as actividades de lectura non se vexan afectadas polo COVID-19.	PRESENCIAL / MATERIAL	9.978,10
EDITORIAL GUIVERNY SL	<i>Arquitectura do lume</i> : Guía do patrimonio histórico compostelán de lareiras, fornos, chemineas e fogares monacais (500 exemplares).	PRESENCIAL / MATERIAL	9.900,00
EDITORIAL GALAXIA SA	<i>Lingua guapa. Cantos que contan</i> , de Fina Casalderrey e Néstor Blanco, ilustrado por Lucía Cobo: 3.000 exemplares deste libro-disco co obxectivo de achegarllelos aos centros de ensino.	PRESENCIAL / MATERIAL	9.966,61

A partir da publicación desta resolución na páxina web e dentro do ano natural 2020, as persoas solicitantes dos proxectos seleccionados, segundo a relación prevista no parágrafo anterior, recibirán unha notificación formal da resolución de adjudicación da persoa titular da secretaría xeral de Política Lingüística. Nela, indícaránselles as características esenciais para a adquisición das creacións culturais, lingüísticas e/ou artísticas e/ou dos bens culturais seleccionados e, igualmente, as condicións para a execución doutros servizos; e, así mesmo, de ser o caso, o prazo previsto para formalizar o contrato correspondente e a forma de facturación e de pagamento. logo da correspondente xustificación.





2 Desestimar os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	PUNTUACIÓN CALIDADE (mín 35 puntos de 75)	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN	FORMATO
MAOS INNOVACIÓN SOCIAL, S. COOP. GALEGA	Calendario ilustrado dixital e impreso do patrimonio inmaterial, da historia e literatura do Camiño.	9.976,45	32,33	Puntuación insuficiente	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
IAGO SALGADO INSTRUMENTOS TRADICIONAIS	Reproducción da fídula en oito do ancián n.º 16 do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago.	3.751,00	25,33	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
MANUEL LAGO GRAÍÑO	Escultura de danza en 3D xeolocalizada.	4.000,00	29,67	Puntuación insuficiente	DIXITAL
MARCOS SOUTO SL	“O Camiño de Santiago”: exposición de 30 óleos de Manuel Vidal e Xaime Falcón.	7.050,00	32,00	Puntuación insuficiente	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
BERIO MOLINA QUIROGA	“O son do vento na Costa Ártabra”: traballo de creación, investigación e arquivo sobre a paisaxe sonora no contexto da Costa Ártabra.	4.000,00	34,67	Puntuación insuficiente	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
CHIRIPA PRODUCIÓNS SLU	“Cultura en vivo”: proxecto para a dixitalización dos eventos culturais en directo.	9.075,00	32,00	Puntuación insuficiente	DIXITAL
TYSGAL SC	Elaboración dunha guía turística dixital a partir da “Guía do peregrino” do Códice Calixtino”.	9.922,00	34,67	Puntuación insuficiente	DIXITAL





3 Excluir os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	CAUSAS DE EXCLUSIÓN	FORMATO
MARÍA CARMEN MANCEBO LÓPEZ	"#ailalelo": Proxecto musical que inclúe a tradución profesional ao galego das 10 cancións en inglés preferidas polo público para a publicación das versións cantadas no dominio público.	4.000,00	Contidos non axustados ás bases	DIXITAL
BRÍGIDA HERMIDA FERRO	"Xeados do Camiño": guía interactiva e curtametraxe para contar a que sabe o noso patrimonio cultural.	4.000,00	Contidos non axustados ás bases	DIXITAL
ENXEÑO GALICIA SL	"Top10": Dez guías interactivas para poñer en valor 100 novos empresarios do Camiño e da Cultura, coas súas empresas radicadas nalgunha das localizacións das 10 rutas xacobeas.	10.000,00	Contidos non axustados ás bases	DIXITAL
ANA CASTRO JIMÉNEZ	"Galicia Antiga": guía interactiva e curtametraxe (GaliciArte) co obxecto de expor o proceso de taxación da arte e as antigüidades.	3.999,99	Contidos non axustados ás bases	DIXITAL
CARLOS MANUEL VARELA ULLA	"Canto sabes?": 2 xogos interactivos para demostrar canto se sabe do patrimonio cultural de Galicia e do Camiño.	4.000,00	Contidos non axustados ás bases	DIXITAL
MARÍA ANJHARA GÓMEZ RODRÍGUEZ	"Galicia Sabe: Repostería no Camiño": portal e audiovisual que promocionan Galicia e a súa cultura a través dun percorrido pola súa repostería tradicional.	3.999,99	Contidos non axustados ás bases	DIXITAL
CASA DE MODAS SATURNA SL	"Planeta vestiario": proxecto composto por un portal web e un audiovisual que promocionan Galicia e a súa cultura a través dun percorrido polo vestiario do cinema.	5.687,00	Contidos non axustados ás bases	DIXITAL





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

galicia

A presente resolución esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015), ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

